

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONSELLO OFICIAL DE COLEXIOS DE MÉDICOS DE GALICIA, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE ATENCIÓN INTEGRAL AO MÉDICO ENFERMO “PAIME”.

Pontevedra, a 22 de abril de 2020

REUNIDOS:

DUNHA PARTE: Don _____, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 136/2019 e 137/2019, do 10 de outubro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento; Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

E DOUTRA: Don _____ presidente do Ilustre Consello Galego de Colexios Médicos de Galicia con NIF: V15954837, que actúa en nome e representación do mesmo,

MANIFESTAN:

1. Que as institucións asinantes son coñecedoras de que no colectivo médico existe un grupo de profesionais con risco de padecer trastornos de conduta, e que este feito pode comportar un risco para a saúde da poboación.
2. Que, segundo estudos epidemiolóxicos internacionais, estimase que un certo número de médicos poden sufrir, ao longo da súa vida profesional, trastornos de conduta que os poden incapacitar, como mínimo temporalmente, para o correcto exercicio da súa práctica profesional.
3. Que as partes consideran, atendendo ás características propias do exercicio da profesión médica e ás circunstancias manifestadas nos expoñendos primeiro e segundo, que estes médicos enfermos requiren unha atención médica específica, especializada e baixo condicións de confidencialidade, xa que iso permitirá a detección precoz dos casos e a instauración dos tratamentos farmacolóxicos, psicoterapéuticos e rehabilitadores pertinentes, co fin de garantir o axeitado exercicio profesional conforme aos criterios da lex artis.
4. Que as institucións asinantes deste convenio valoran moi positivamente o modelo seguido polo Programa de Atención Integral ao Médico Enfermo (en adiante, “PAIME”) iniciado polo Colexio Oficial de Médicos de Barcelona e actualmente de aplicación na Comunidade Autónoma de Cataluña e noutros territorios de España, tanto no referente aos procedementos colexiais desenvolvidos como nos servizos clínicos de internamento que presta.
5. Que os Colexios Oficiais de Médicos son os entes corporativos de carácter público indicados para asumir a abordaxe desta cuestión, de acordo co disposto nos apartados 2 e 3 do artigo 19 do Código de Ética e Deontoloxía da OMC e con independencia das competencias e responsabilidades que poidan corresponder a outras institucións.
6. Que o Consello Galego de Colexios de Médicos de Galicia cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiario recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo iso, formalizan este convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira. O obxecto deste convenio é o desenvolvemento do Programa de Atención Integral ao Médico Enfermo “PAIME” por parte do Consello Oficial de Colexios de Médicos de Galicia, coa colaboración do Servizo Galego de Saúde.

Segunda. De conformidade coa cláusula primeira, o Consello Oficial de Colexios de Médicos de Galicia comprométese a impulsar e desenvolver o programa e a difundir a súa existencia entre os seus colexiados a través de diferentes fórmulas de promoción, así como a atender á racionalidade e control dos gastos que se orixinen.

En atención ás especiais características da poboación a atender e das actividades a desenvolver ao abeiro do devandito Programa de Atención Integral ao Médico Enfermo “PAIME”, a entidade beneficiaria poderá subcontratar ata o máximo do 100% do importe da actividade subvencionada.

Serán de aplicación o artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 43 do Decreto 11/2009, de 8 de Xaneiro: enténdese que unha entidade subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade para a realización por sí mesma da actividade subvencionada. Así mesmo, en ningún caso concertará a execución parcial ou total das actividades subvencionadas con persoas ou entidades que recibiran outras subvencións para a realización da actividade obxecto da contratación.

Terceira. O contido do Programa consiste en ofrecer a tódolos médicos, sen excepción, que exercen a súa profesión no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia as prestacións necesarias que permitan solucionar as problemáticas derivadas das psicopatoloxías que distorsionan a realidade e de adicción ao alcohol e outras drogodependencias concretas, tal e como se expoñen de seguido:

- a) A asistencia sanitaria especializada e específica coa forma e mediante as condicións técnicas establecidas no programa.
- b) A reincorporación profesional dos médicos afectados por estas enfermidades.
- c) O programa incidirá tamén no ámbito de formación e asesoramento nas ditas materias, co fin de fomentar accións preventivas dende a óptica da saúde pública que impidan ou limiten as condutas de risco dos médicos afectados por estas enfermidades.
- d) Dentro do campo da medicina de empresa, colaborarase coas institucións sanitarias públicas e privadas coa finalidade, por unha parte, de impedir ou limitar os riscos indesexables dunha mala práctica da medicina por estas causas e, por outra, de rehabilitar e reinsertar os médicos atendidos polo “PAIME” que foran dados de alta.

Cuarta. Á fronte do programa “PAIME” estarán, como coordinador e como responsable técnico directo e específico, o presidente e o vicepresidente primeiro, respectivamente, do Consello de Colexios de Médicos de Galicia.

Quinta. No desenvolvemento do programa remitiranse semestralmente os indicadores incluídos nos puntos 2 e 4 do anexo 1.

Sexta. Para o cumprimento deste convenio, o Servizo Galego de Saúde comprométese a achegar a cantidade de corenta e catro mil sesenta e tres euros **(44.063,00 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria **5001.413A.481.19** e código de proxecto **201400028**, consignada nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

Sétima. A subvención obxecto deste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño.

Oitava. A contía indicada na cláusula sexta farase efectiva do seguinte xeito:

Logo da sinatura do convenio, e sempre que a actividade comezase previamente, poderase efectuar un pago anticipado, segundo o artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, presentando por parte do consello:

- A solicitude do pago anticipado.
- Declaración responsable segundo o modelo que se xunta como anexo 3. O dito anexo presentarase ademais, debidamente actualizado, en cada unha das xustificacións parciais, no seu caso.

Ademais, poderanse realizar pagamentos parciais, a conta da liquidación definitiva e segundo se desenvolvan as actividades do programa, achegando:

a) Orixinais dos xustificantes de gasto ocasionados e da documentación acreditativa dos pagos realizados no desenvolvemento das actividades obxecto do convenio, xunto cunha relación ordenada dos mesmos, que se documentará segundo o modelo do Anexo 2.

b) Certificación do Consello onde se faga constar que os gastos que se xustifican se ocasionaron no desenvolvemento das actividades obxecto do convenio, e que foron debidamente aboados.

A data límite para a presentación tanto da solicitude do pagamento anticipado como da documentación xustificativa dos pagamentos parciais será o 31 de Outubro de 2020.

O importe conxunto dos pagamentos a conta e dos pagamentos anticipados no seu caso concedidos non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio.

A porcentaxe restante da subvención non se fará efectiva até que estean integramente xustificadas a totalidade dos pagamentos parciais correspondentes ás actividades subvencionadas engadindo, no seu caso, o importe do anticipo a conta.

De acordo co artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, os pagamentos anticipados e os pagamentos a conta quedan exonerados da constitución de garantía.

Novena. A xustificación final realizarase logo do cumprimento da finalidade e demais condicións deste convenio nos termos recollidos nos artigos 28, 29 e 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como no artigos 41 e 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, achegando a seguinte documentación:

a) Orixinais dos xustificantes de gastos ocasionados e da documentación acreditativa dos pagos realizados no desenvolvemento das actividades obxecto do programa, xunto cunha relación ordenada e detallada dos mesmos segundo o modelo do anexo 2.

b) Declaración dos programas realizados e financiados con este convenio, indicando o custo total repercutido para a entidade.

c) Certificación do Consello onde se faga constar que os gastos que se xustifican se ocasionaron no desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, e que foron debidamente aboados.

d) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto ou programas, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

1. A documentación da xustificación final deberá presentarse coa data límite e improrrogable do 1 de decembro de 2020.

2. Cando o importe dalgún xustificante non se impute totalmente á finalidade deste convenio indicárase a contía exacta daquel que resulte afectada polo mesmo.

3. As facturas deberán estar debidamente cubertas de acordo coa normativa vixente. Con carácter excepcional e en supostos debidamente xustificados e motivados, poderán aceptarse a xustificación de pago mediante recibín do provedor para gastos de escasa contía inferiores a mil euros (1.000,00 €).

4. A documentación xustificativa dirixirase á Subdirección Xeral de Atención Primaria, que emitirá informe favorable de ser conforme. No caso de apreciarse defectos emendables na xustificación presentada, o órgano administrativo competente poñerá no seu coñecemento e concederlle un prazo de dez días para a súa corrección.

5. Serán causas de reintegro do importe total ou parcial do convenio as previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como no artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Décima. Consideraranse gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e realizados no desenvolvemento do obxecto do convenio. Para estes efectos, serán os realizados entre o 1 de decembro de 2019 e o 30 de novembro de 2020, que foran efectivamente pagados con anterioridade ou no mesmo día da finalización do período de xustificación, salvo aqueles gastos realizados e que por imperativo legal non se puideran ter pagado nese prazo, e que contén coas seguintes características:

a) Que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, ao abeiro deste convenio, e resulten estritamente necesarios.

b) Que teñan a seguinte natureza:

1º. Gastos do persoal da entidade: custe total, que abranguerá as retribucións e os custos de Seguridade Social. Unicamente será considerado gasto de persoal subvencionable o de aquel persoal que figure relacionado na Memoria Explicativa do programa, e na porcentaxe imputada ao mesmo que se corresponda co número de horas adicadas ao programa indicadas na

antedita memoria, excepto que por necesidades derivadas da realización do programa ou actividade, debidamente xustificadas, sexa necesario modificar a mesma.

2º. Axudas de custo e gastos de viaxe, en función das contías fixadas para o grupo 2 no Decreto 144/2001, de 7 de xuño, de indemnizacións por razóns do servizo ao persoal con destino na Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que non superen no seu conxunto o 3% do importe total subvencionable do convenio excepto que, en atención á súa natureza, sexa autorizada outra porcentaxe.

3º. Outros gastos correntes directamente relacionados coa actividade desenvolvida ao abeiro deste convenio. Tamén son subvencionables os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos directamente relacionados coa actividade subvencionada, se son indispensables para a súa axeitada preparación ou execución, así como os gastos de garantía bancaria. Non obstante, en ningún caso serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias.

Non serán subvencionables os gastos orixinados polas actividades realizadas na condición de membros das xuntas directivas ou consellos de dirección das entidades.

As dúbidas ou controversias en relación coa subvencionalidade dos gastos serán resoltas pola Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, por propia iniciativa ou a petición de calquera das entidades solicitantes.

Décimo primeira. Con data límite do 15 de xaneiro de 2021, o Consello Oficial de Médicos de Galicia deberá achegar á Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria unha memoria final das actividades realizadas obxecto deste convenio, segundo o modelo que se xunta como anexo 1 e empregando a sede electrónica, tal e como se indica na cláusula décimo segunda.

Décimo segunda. Para a remisión da documentación relativa a este convenio, asinada electronicamente, empregarase a sede electrónica da Xunta de Galicia, mediante a cumprimentación do procedemento electrónico denominado “PRESENTACION ELECTRONICA DE SOLICITUDES, ESCRITOS E COMUNICACIÓNS QUE NON CONTEN CUN SISTEMA ELECTRÓNICO ESPECÍFICO NIN CUN MODELO ELECTRONICO NORMALIZADO” (PR004A)”, dirixíndoas a atención da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

Décimo terceira. Constituirase unha comisión mixta paritaria para o seguimento e control do convenio, co obxecto de resolver as dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución. Esta comisión estará composta por:

- Dous representantes do Servizo Galego de Saúde.
- Dous representantes do Consello Oficial de Colexios de Médicos de Galicia.

No suposto de desacordo entre as partes que compoñen esta comisión, o presidente do Servizo Galego de Saúde será o competente para resolver as distintas cuestións que foran obxecto de diverxencia. A devandita resolución poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo Cuarta. Este convenio ten natureza administrativa e rexerese polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en todo o que non se opoña á lei.

Décimo quinta. A subscrición deste convenio non comporta relación contractual ningunha do Servizo Galego de Saúde cos profesionais dependentes do consello oficial de colexios de médicos de Galicia que realicen as actividades que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que por este concepto non se lle poderán esixir responsabilidades, nin directas nin subsidiarias, polos actos acaecidos no seu desenvolvemento.

Décimo sexta. Respecto do réxime de infraccións e sancións haberá que aterse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería de Sanidade dará publicidade deste convenio no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia e no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e incluírá no rexistro público de sancións aquelas que se puideran impoñer como consecuencia do seu desenvolvemento.

Décimo sétima. O Consello Oficial de Colexios de Médicos de Galicia adherirase ás políticas de austeridade, eficiencia e mellora da xestión da Xunta de Galicia, prestaralle colaboración e facilitaralle canta documentación sexa requirida, no exercicio das funcións de control, ao Servizo Galego de Saúde, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Tribunal de Contas, Consello de Contas, así como aos órganos que, de acordo coa normativa comunitaria, teñan atribuídas funcións de control financeiro. Así mesmo, deberá cumprir o resto de obrigas que establece o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Décimo oitava. O Consello Oficial de Colexios de Médicos de Galicia comprométese a facer constar en tódolos documentos e accións de difusión e información do programa, así como na páxina web, a colaboración da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, incluíndo os logotipos de ambos, de conformidade co establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Décimo novena. O prazo de vixencia deste convenio será dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Vixésima. Serán causas de resolución deste convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- b) O mutuo acordo entre as partes asinantes do mesmo.

Toda alteración das condicións tidas en conta para este convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais no suposto que a contía supere o custo da actividade subvencionada, poderá dar lugar á modificación do convenio.

E en proba de conformidade, asínase polas partes o presente convenio en duplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

Polo Servizo Galego de Saúde

Polo Consello Galego de
Colexios de Médicos de Galicia

ANEXO 1: MEMORIA FINAL

1.- Características básicas do programa: data de inicio, poboación de referencia, ...

2.- Actividades :

- Número de usuarios distintos atendidos no ano, distribuídos por sexo e provincia.
- Número de intervencións realizadas, desglosadas por :
 - Primeiras consultas
 - Sucesivas ou revisións
 - Consultas específicas: Neurofeedback, Psicoterapia ou outras
- Número de informes elaborados.
- Número de pacientes dados de alta do programa.
- Relación dos diagnósticos dos pacientes atendidos segundo criterios DSM V ou CIE 10.
- Número de persoas e de ingresos hospitalarios na Fundación Galatea, distribuídos por sexo, días de estancia, e diagnóstico que o motiva.
- Modo de promoción do programa e alcance.

3.- Balance de ingresos e gastos do programa

4.- Reclamacións presentadas polos usuarios e as respostas ás ditas reclamacións.

ANEXO 2: MODELO RELACIÓN ORDENADA DE GASTOS

NÓMINAS

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes-año	Importe líquido	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
						0,00 €	

IRPF

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes-año	IRPF	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
						0,00 €	

SEGURIDADE SOCIAL

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes	Desconto SSoc trab	SSoc empresa	Total	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
								0,00 €	

ANEXO 3 : DECLARACIÓN RESPONSABLE

DATOS DA ENTIDADE									
RAZÓN SOCIAL								NIF	
TIPO	NOME DA VÍA					NÚMERO	BLOQUE	PISO	PORTA
CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA			MUNICIPIO		LOCALIDADE		
TELÉFONO		FAX		CORREO ELECTRÓNICO			PÁXINA WEB DA ENTIDADE		
DATOS DO REXISTRO ADMINISTRATIVO NO QUE ESTÁ INSCRITA (identificación do Rexistro e número de inscrición).									
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calqueira medio válido en dereito)									
NOME/RAZON SOCIAL			PRIMEIRO APELIDO			SEGUNDO APELIDO		NIF	
EN CALIDADE DE									
DATOS BANCARIOS									
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada, onde se realizará o abono da subvención.									
TITULAR DA CONTA						NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)			
						IBAN			
A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE: 1. Que a entidade beneficiaria, así como, se é o caso, as entidades integrantes que se propoñen como executantes: a) Non están incurso en ningún dos supostos incluídos no artigo 31.6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para ser perceptoras dos pagos anticipados. b) Están ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, de acordo co previsto no artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 9 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento. c) Están ao día no pagamento das obrigas tributarias estatais e autonómicas e fronte á Seguridade Social e non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. 2. Que de conformidade co establecido no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, declara que dispón da documentación que así o acredita, que a porá a disposición da Administración cando lle sexa requirida e que se compromete a manter o cumprimento destes requisitos durante o tempo de vixencia do convenio. 3. Que en relación con outras axudas obtidas ou solicitadas: ☐ Non obtivo outras axudas ou subvencións para este mesmo programa para o que obtivo esta subvención. ☐ Sí obtivo outras axudas ou subvencións para este mesmo programa para o que obtivo esta subvención, que son as que se relacionan:									
ORGANISMO		IMPORTE (€)		DATA DE CONCESION		DISPOSICION REGULADORA			
☐ Non solicitou outras axudas ou subvencións para este mesmo programa para o que obtivo esta subvención. ☐ Sí solicitou outras axudas ou subvencións para este mesmo programa para o que obtivo esta subvención, que son as que se relacionan:									
ORGANISMO		IMPORTE (€)		DATA DE SOLICITUDE		DISPOSICION REGULADORA			
Así mesmo, e de conformidade co establecido no artigo 11, letra d), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, comprométese a comunicar inmediatamente a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as actividades ou programas subvencionados a través deste convenio, a partir da data desta declaración.									
SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE									
Lugar e data									
		,		de		de			